



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE I+D+I.

MEMORIA XUSTIFICATIVA (segundo modelo Anexo á Circular nº 1/2016, do 15 de febreiro, da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación, pola que se editan instrucións en materia de convenios para aplicación da lei 1/2016, de 18 de xaneiro de 2016, de transparencia e bo goberno).

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (CONSELLERÍA) ten previsto formalizar coa Universidade da Coruña (UDC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería e a UDC para desenvolver accións estratéxicas de I+D+i co fin de estruturar e potenciar a actividade investigadora da Universidade da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase nun interese público, xa que na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia do coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, vén amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación como pola mellora da súa calidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificando o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela a ____ de ____ de dous mil dezasete.

(asinado dixitalmente)

